

## U 6. INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DA NORMA

As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* perseguen elaborar “unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura”. Isto esixe excluír da variedade estándar fenómenos presentes na fala e na escrita previa, que coñecemos como hipergaleguismos, arcaísmos, lusismos, vulgarismos e castelanismos.

### Hipergaleguismos

O desexo de crear unha lingua común enxebre levou a “galeguizar” formas que coincidían coas do castelán para afastarse del. Nos máis dos casos substitúen cultismos e semicultismos tras sometelos artificialmente ás evolucións etimolóxicas propias das palabras patrimoniais (\**segredario*, \**urbán*, \**semán*, \**escea*, \**ordear*, \**zoa*, \**persoaxe*, \**primaveira*, \**sinceiro*, \**pranta*, \**craro*, \**pubricar*). Noutras ocasións, establécese unha falsa correspondencia con outras forma do castelán:

| <b>galego e castelán</b>  | <b>correspondencia indutora</b> | <b>hipergaleguismo</b>        |
|---------------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| <i>ambiente, paciente</i> | e/ie ( <i>ben / bien</i> )      | * <i>ambente, *pacente</i>    |
| <i>frecuente</i>          | o/ue ( <i>porta / puerta</i> )  | * <i>freconte</i>             |
| <i>gasolina, oficina</i>  | -ñ-/n- ( <i>viño / vino</i> )   | * <i>gasoliña, *oficiña</i>   |
| <i>brillar, orgullo</i>   | -l-/ll- ( <i>ela / ella</i> )   | * <i>brilar, *orgulo</i>      |
| <i>labor, horizonte</i>   | -ou-/o- ( <i>ouro / oro</i> )   | * <i>laboura, *hourizonte</i> |

### Arcaísmos

Constitúen o tipo de desviación menos frecuente e apenas perduran na actualidade. Eran exclusivos da lingua escrita e dos usos máis formais (\**estoria*, \**outo*, \**merescer*, \**ren*, \**conquerir*, \**vegada* por *historia*, *alto*, *mereces*, *nada*, *conseguir*).

# Vulgarismos

Son o resultado dalgún tipo de vacilacións, na maioría dos casos por adición ou supresión:

|           | POSICIÓN INICIAL                | POSICIÓN MEDIA   | POSICIÓN FINAL                 |
|-----------|---------------------------------|--|--------------------------------|
| ADICIÓN   | <b>Prótese:</b> <i>*arradio</i> | <b>Epéntese:</b> <i>*soio</i><br><b>Anatipxe:</b> <i>*garavata</i> | <b>Paragoxe:</b> <i>*amare</i> |
| SUPRESIÓN | <b>Aférese:</b> <i>*inda</i>    | <b>Síncope:</b> <i>*pra</i>  | <b>Apócope:</b> <i>*verdá</i>  |

Outros tipos de vulgarismos:

- **Metátese:** *\*probe, \*reintrego*.
- **Simplificacións de grupos consonánticos cultos:** *\*aluno, \*coluna, \*correto, \*pauto*.
- **Vacilación vocálica en sílaba átona** por aproximarse ou afastarse da vogal tónica (*\*lovar, \*somana, \*menistro*).
- **Rotacismo:** *\*derde, \*en ver de, \*non nor deixan*.

## Préstamos e interferencias

As linguas adoitan incorporar ao seu léxico termos procedentes doutras linguas, que se coñecen co nome de préstamos. Normalmente recórrase a eles para denominar realidades ou conceptos novos, en vez de inventar unha etiqueta nova en cada lingua. Trátase pois de **préstamos necesarios** ou **aceptables**.

Non obstante, debido á presión sociocultural dunha lingua dominante pódense introducir termos que son innecesarios xa que a lingua receptora conta con palabras propias. Neste caso falamos de **préstamos innecesarios** ou **interferencias**. No galego a maior parte proceden do castelán (**castelanismos**), aínda que tamén proceden moitos do inglés (**anglicismos**). Por outra banda, dada a proximidade co portugués, este considérase fonte fundamental para o enriquecemento do léxico culto, aínda que nalgúns casos atopamos tamén préstamos innecesarios (**lusismos**).

## Lusismos

Aparecen cando se recorre ao portugués para substituír formas lexítimas galegas. Poden ser de tres tipos: gráficos (\**governo*, \**povo*), morfolóxicos (\**cais*, \**praz*, \**receber*, \**movimento*) ou léxicos (\**proprio*, \**luta*, \**nervo*, \**meio*).

## Castelanismos

Ademais dalgúns préstamos necesarios (*tortilla*, *bocadillo*, *sainete*...), penetraron no galego moitos outros superfluos, que substituíron formas propias ou restrinxiron os valores das galegas. A influencia do castelán afecta a todos os planos da lingua.

### Castelanismos fónicos

Aínda que tradicionalmente o plano fónico se viu pouco afectado, na actualidade a influencia do castelán cobra importancia, sobre todo no galego usado polos neofalantes procedentes de familias instaladas no castelán.

- No vocalismo, pode darse a perda da distinción entre vogais medio abertas e medio pechadas. Deste xeito, confúndense palabras distintas (*vén / ven*, *présa / presa*, *bóla / bola*).

- Pronunciar consoante nasal velar /ŋ/ como alveolar /n/ (\**una*, \**alguna*, \*/unosos/ por /uŋa/, /alguŋa/, /uŋoso/). Tamén se pode dar o caso de pronunciar como velar todo *n* final de palabra ante palabra comezada por vogal, sen considerar que o *n* final é alveolar nalgúns contextos: *ben*, *nin*, *non*, *quen*, *alguén*, *ninguén*, *sen*, *tamén* e nas formas verbais, seguidas dos pronomes *o*, *a*, *os*, *as*. Exemplos: *non o sei*, *quen o pillara*... /non o sei/, /ken o piłara/.

- Realizar como alveolar /s/ o son fricativo palatal xordo /ʃ/ (\**tosos*, \**sente* por *toxo*, *xente*).

### Castelanismos ortográficos e de acentuación

Consisten no uso da ortografía castelá (\**boda*, \**abogado*, \**movil*, \**armonía* por *voda*, *avogado*, *móbil*, *harmonía*) ou o acento castelán (\**atmósfera*, \**parásito* por *atmosfera*, *parasito*).

## Castelanismos morfosintácticos

- A alteración do xénero gramatical nalgúns substantivos: *\*a sangue, \*a nariz, \*a leite, \*o ponte...*
- O artigo masculino en substantivos comezados por "á-": *\*o auga, \*o arte, \*o aula, \*o alma...*
- Ausencia da flexión de xénero *dous / dúas*: *\*vinte e dous páxinas...*
- Confusións entre te e che: *\*xa te dixen, \*vinche onte...*
- O pronome persoal suxeito despois de ca, canda, onda: *\*onda eu, \*máis ca eu...*
- "Lleísmo": uso lle(s) (CI) por o(s), a(s), (CD): *\*non lle avisei a tempo, \*saúdalle atentamente...*
- Masculino plural dos demostrativos *\*estos, \*esos, \*aquelos...*
- Plural do interrogativo e relativo *\*quenes*.
- Formas apocopadas do indefinido *\*calquer* e numerais: *\*primer, \*tercer...*
- Uso do indefinido alguén en construcións negativas: *\*non come cousa algunha...*
- Uso de formas verbais compostas con haber: *\*había dito, \*he feito...*
- Formas verbais irregulares: *\*traduxo, \*anduvén, \*valdrei, \*pondría...*
- Uso como reflexivos dalgúns verbos: *\*cominme unha claudia, \*meréceso, \*gárdateo...*
- Ausencia de artigo co posesivo: *\*non podía apartas seus ollos dela...*
- Posicións incorrectas do pronome átono: *\*o sinto, \*o chiste lle fixo graza...*
- Emprego da preposición a con CD de persoa: *\*convocou aos parentes...*
- Emprego da preposición a en perífrases de ir + infinitivo: *\*imos a ver, \*vou a contar...*

## Castelanismos léxicos

Na súa introdución tiveron un papel fundamental a Igrexa, a Administración e o ensino, que provocaron que penetrasen formas como *\*dios, \*iglesia, \*pueblo* ou *\*siglo*. Noutras ocasións, coa aparición de novos obxectos tamén entra o nome en castelán (*\*escoba, embudo*). Moitos castelanismos adaptáronse á fonética galega dando orixe a formas híbridas (*\*conexo, \*lexos, \*axuntamento, \*lentexa, \*cuchilo*). En termos técnicos ou nos relixiosos non adoita haber adaptación (*\*geografía, \*geología, \*ingeniero, \*Virgen, \*San José*).

Nalgúns casos, falantes instalados no galego popular non recoñecen as palabras propias galegas e consideran galegas as palabras castelás (*\*estuche, \*pocillo* por *estoxo, cunca*).



Na interferencia léxica do castelán podemos distinguir varios graos:

1. Cando existen no galego dous termos total ou parcialmente sinónimos, tende a darse preferencia no uso ao coincidente co castelán: *lágrima / bágoa, brando / mol, esperar / agardar, soportar / aturar, recordar / lembrar.*

2. O castelanismo emprégase cun significado máis amplo e actual e a forma galega vai restrinxido o seu significado especializándose en designar realidades menos prestixiadas na conciencia do falante en relación co tradicional, co rústico, co artesanal, cos animais...:

*vasoira* (rústica, para a rúa)

\**escoba* (fabricación industrial, para a casa)

*billa* (de bocois de viño)

\**grifo* (de cociña, cuarto de baño)

*moa* (a pedra do muíño)

\**muela* (a da boca)

*ril, pescozo* (para o dos animais)

\**riñón, cuello* (o das persoas)

3. Falsas adaptacións que dan lugar a híbridos:

concello- \**axuntamento*

gaiola- \**xaula*

coitelo- \**cuchilo*

gargallada- \**carcaxada*

lentella- \**lentexa*

estrada- \**carreteira*

4. Substitución da forma galega pola castelá: \**adiós, \*parrilla, \*ovillo, \*iglesia, \*rodilla, \*huevo, \*cuchara, \*embudo, \*señal por adeus, grella, nobelo, igrexa, xeonllo, ovo, culler, funil, sinal...*

### Castelanismos semánticos

Prodúcese cando a unha forma castelá lle corresponden dous termos en galego (*Tiven un \*sono horrible / Vou para a cama que teño moito \*soño*).

Entre os neofalantes son máis frecuentes os castelanismos fónicos e morfosintácticos, mentres que os galegofalantes tradicionais incorren máis nos léxicos. De aí que nalgúns casos as formas castelás (*carretera, dios, acera*) se consideren “máis auténticas” ca as correspondentes galegas (*estrada, deus, beirarrúa*).